

Situación da convivencia do centro

As actuacións para a mellora da convivencia do centro van encamiñadas o desenrolo de comportamentos adecuados para facilitala mesma e resolver conflitos a través da participación, os bos couces de comunicación e a prevención de problemas de condutas, fomentando o ríspeto mutuo, a responsabilidade no estudio, servizo, compañerismo e autodisciplina.

En xeral no centro inténtase abordar dende un punto de vista construtivo e positivo, dirixindo as actuacións á prevención e desenrolo de comportamentos que fomenten a tolerancia e a comunicación.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo, os conflitos esporádicos que xorden resólvense principalmente co diálogo e se es necesario coas medidas disciplinarias recollidas no regulamento de réxime interno que figuran no anexo I deste plan.

Resposta do centro

A resposta educativa do centro ten como fin promover unha maior participación no centro, mellorar os couces de diálogo, ríspeto e comunicación para a solución de calquera conflito e a necesidade de mellorar a convivencia potenciando a adquisición de habilidades de enfrontamento ós conflitos a través da acción tutorial xa que permite ó profesorado dispoñer de recursos de consolidación do grupo-clase, aportar información ós docentes e ás familias, desenrolar actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo e habilidades sociais.

Relación coas familias e a comunidade

A relación coas familias é boa, establécense reunións e notas informativas. Ten especial importancia a figura do titor para a coordinación coas familias a través dos alumnos o mediante o horario de tutoría. As situacións familiares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no Centro coméntase coas familias no caso de proceder algún tipo de intervención o información da conduta.

Mantéese tamén unha estreita colaboración co Concello, en especial co servizo de Infancia e Familia en temas referentes a absentismo escolar e calquera situación de risco que poida producirse con algún dos nosos alumnos, así mesmo a relación tamén é fluída con outras institucións, proxectos e centro educativos.

Experiencias de convivencia realizadas no centro

- Celebración dun día inicial de convivencia ó principio do curso, sendo o seu principal obxectivo favorecer o coñecemento mutuo entre os alumnos
- Debate e discusión sobre a normativa de centro e aclaracións do plan de convivencia.
- Elaboración dun calendario para atención tutorial a nais e pais ó longo do curso
- Establecemento dunha hora semanal de tutoría individualizada, onde cada titor pode manter entrevistas individuais cos seus alumnos relativas ó seu rendemento académico ou estado emocional, ou realizar talleres sobre a convivencia, a non violencia, acoso escolar e o ríspeto ós demais.
- Fomentar a tolerancia, o ríspeto e a resolucións de conflitos a través do diálogo
- Participación do centro en actividades e programas que contribúan a mellorar a convivencia no centro (celebración do día da paz, do día da violencia de xénero, festival de fin de curso, programas como: a adolescencia e ti, clases sen fume, de reciclaxe, prevención do consumo de drogas...)

- Estreitando relacións cos servizos sociais do concello, para controlar o absentismo e dar a coñecer as situacións mais desfavorecidas.

Obxectivos que se pretenden conseguir

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo o idade.
- Fomentar a participación das familias
- Mellorar as relacións entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Aumentar a autoestima da comunidade docente
- Aproveitar as diferentes situacións que se producen ó longo do ano para que o centro sexa un espazo de paz, rispato e diálogo ó entorno.
- Favorecer a resolución pacífica dos conflitos, plantexando propostas de actuación baseadas na realidade do noso centro.
- Dar resposta inmediata no caso de producirse intimidación entre iguais en canto a prevención, tratamento e erradicación.

Actividades previstas

- a) Asemblea informativa ó inicio do curso sobre o plan, as normas de convivencia e todo o relativo ó curso cos pais.
 - Responsables. Equipo directivo, coordinadores de ciclo e orientadora.
 - Recursos: Normas de convivencia, aula.
 - Metodoloxía: Reunións informativas.
 - Temporalización: Premer trimestre
- b) Analizar en titoría a marcha da convivencia da clase unha vez o trimestre e informar nas xuntas de avaliación
 - Responsables: Equipo directivo, titores e orientadora.
 - Recursos: Diálogo, normas de convivencia.
 - Metodoloxía: Democrática y participativa.
 - Espazo físico: Centro
 - Temporalización: todo o curso
- c) Tratarase na hora de titoría, cando o titor o considere necesario, calquera aspecto que afecte as boas relacións o a convivencia do grupo
 - Responsables: Titores
 - Recursos: diálogo e aplicación das normas de convivencia
 - Metodoloxía: Democrática, consesuada e participativa
 - Espazo físico: Aulas
 - Temporalización. Todo o curso
- d) Tratarase ó longo do curso calquera incidencia puntual que altere a convivencia do centro co alumnado implicado e a súa familia, si procede
 - Responsable. Equipo directivo, titores e orientadora
 - Recursos: Diálogo, aplicación das normas de convivencia

- Metodoloxía: Participativa
 - Espazo físico: Aulas
 - Temporalización: Todo o curso
- Fomentar os valores democráticos. A tolerancia, igualdade, ríspeto, diálogo, resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia....
- Responsables: titores y orientadora
 - Recursos; formación en reunións de titoría e material concreto para aplicación na aula.
 - Metodoloxía: activa e participativa
 - Espazo físico: Aulas
- e) Poñer en práctica talleres relativos á convivencia, non violencia, acoso e civismo (anexo III)
- Responsables: titores
 - Recursos: material de titoría
 - Metodoloxía: activa e participativa
 - Espazo físico: aula de clase e aula de audiovisuais
- f) Saídas escolares con motivo dalgunha mostra e visita relacionada co tema
- Responsables: profesor de aula
 - Recursos: os aportados polo centro que se requiran na actividade
 - Metodoloxía: saída escolar
 - Espazo físico: diferentes emprazamentos segan as posibilidades e datas
- g) Análise e comentario de noticias de prensa, radio e TV. relativos a problemas de convivencia
- Responsables: profesorado das areas de ámbito sociolingüístico
 - Recursos: os propios das areas, prensa, radio e TV...
 - Metodoloxía: sesión ordinaria de clase
 - Espazo físico: aula ordinaria
- h) Celebración do día da paz a través de actividades programadas para cada etapa e un acto específico para todo o centro
- Responsables: coordinadores de etapa e titores
 - Recursos: os que se precisen
 - Metodoloxía: celebración na que participen tódolos alumnos do centro
 - Espazo físico e temporalización: aula ordinaria e patio de recreo (30 de xaneiro)
- i) Celebración do día da violencia de xénero
- Responsables: coordinadores de etapa
 - Recursos: os que o acto precise
 - Metodoloxía: activa e participativa de tódolos alumnos de secundaria
 - Espazo físico e temporalización: aula de usos múltiples (27 de novembro)
- j) Control individual para previr, tratar e erradicar o acoso. Vixiar nas zonas comúns do centro.

- Responsables: profesorado e alumnado
- Recursos: humanos
- Metodoloxía: todo o tempo de permanencia no centro
- Espazo físico: todas as instalacións

Procedementos de actuación:

- 1.- Medidas de prevención de conflitos.
- 2.- Medidas de actuación en alteracións do comportamento
- 3.- Protocolo de actuación no caso de absentismo escolar
- 4.- Protocolo de actuación no caso de acoso escolar

1.- Medidas de prevención de conflitos

Come é sabido a prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia. Estas medidas e normas xerais, que figuran no anexo II deste plan, deberán ser asumidas por tódolos colectivos da comunidade educativa.

Ademais os profesores dedicarán as primeiras clases a explicar claramente a tódolos alumnos as normas de comportamento adecuado no centro. O mesmo tempo fomentarán hábitos e valores positivos a través dos recursos dispoñibles nas horas de titoría e a realización de talleres como os que se presentan no anexo III.

2.- Medidas de actuación en alteracións do comportamento

Estas medidas de actuación e corrección veñen tipificadas no RRI do centro que se adxuntan no anexo I deste plan.

Crearase unha “Equipo de Mediación” que estará integrada polos seguintes membros:

- O/a director/a.
- O/a xefe/a de estudos.
- O/a orientador/a.
- O/a especialista en P.T./A.L.
- O titor correspondente en función do caso

As súas funcións serán as seguintes:

- Impulsar o desenvolvemento do plan de convivencia
- Xestionar a información e comunicación dos datos relativos á situación de convivencia no centro
- Participar na coordinación nas actuacións de apoio individual ou colectivo entre o profesorado e as familias, como instrumento para mellorar a convivencia escolar.
- Detectar situacións e factores de risco como medida de prevención de conflitos
- Revisar periodicamente o regulamento de réxime interno, co fin de adaptalo ás posibles situacións de conflictividade que xurdan
- Diseñar o protocolo de actuacións no caso dalgún conflito que interfira na convivencia escolar
- Elixir ó mediador de conflitos cando sexa necesario

- Levar a cabo as actuacións precisas para a resolución de conflitos no centro escolar, aplicando as medidas establecidas no regulamento de réxime interno, e seguindo o protocolo deseñado no Plan de Convivencia.

Protocolo de actuación

No caso dunha falta grave ou unha leve reincidente e sempre valorando tanto os atenuantes de recoñecemento inmediato, falta de intencionalidade ou conduta positiva, así como os agravantes de intencionalidade, premeditación e reiteración, seguirase o seguinte protocolo de actuación resumido no organigrama que se inclúe a tal efecto.

1.- Investigación dos feitos, definido o tipo de alteración do comportamento ou conflito:

- Alteración xeneralizada
- Alteración aislada pero grave

2.- Toma de decisións por parte da comisión permanente relativas a:

-Análise das medidas que figuran no RRI elixindo a que máis se acomoda ó comportamento problemático.

-Elaboración do Plan de Actuación a levar a cabo co alumno:

- A nivel individual.
- A nivel de centro (recursos, medidas de apoio, coordinación entre o profesorado...)
- A nivel familiar, buscando a coordinación entre o centro e a familia
- A nivel de outros servizos: servizos sanitarios, servizos sociais...

-Emisión dun informe ou documento seguindo o formulario exposto a continuación que quedará recollido nun arquivo destinado a tal fin.

-Información ós pais dos feitos e das medidas que se van a adoptar para evitar a aparición de situacións semellantes según o “**Modelo de Notificación Familiar**”.

-Seguimento das medidas adoptadas

-Comunicación, se é o caso, á Inspección Educativa

3.- Protocolo de actuación no caso de absentismo escolar

Os tutores/as serán os que controlen a asistencia diaria do alumnado. Ese control realizarase utilizando o parte de faltas e incidencias que figuran no anexo II. As faltas de asistencia do alumnado deberán ser xustificadas mediante unha das seguintes formas:

- Xustificación médica.
- Xustificación por parte do pai, nai, titor legal.

No caso de que non exista tal xustificación o titor/a chamará á familia a través da secretaría do centro, co fin de recadar información que xustifique dita falta. De non suceder ningunha das situacións antes mencionadas, considerarase a falta como non xustificada. De producirse reiteración de faltas sen xustificar, seguirase o seguinte protocolo de actuación, resumido no organigrama que se presenta a tal efecto:

1.- Cando un alumno sume cinco faltas mensuais sen xustificar o titor procederá a citar á familia, recollendo a información no modelo de entrevista que se presenta no anexo II.

2.- De producirse reincidencia, o seguinte paso sería a citación por parte da dirección, para informar á familia da obriga do centro de por o feito en coñecemento da Inspección Educativa, en primeiro lugar, e dos Servizos Sociais en última instancia.

3.- O último paso, cando o número de faltas sen xustificar supere o 30% (18 faltas ó trimestre), será a comunicación ós órganos competentes (Inspección Educativa e Servizos Sociais e de Menores) mediante informe remitido polo centro.

En calquera caso, comunicarase ás familias que o colexio realiza un control estrito da asistencia do alumnado á clase, e que as faltas sen xustificar se comunican ós órganos competentes.

4.- Protocolo de actuación no acoso escolar

O procedemento que seguirá o centro no caso dunha situación de acoso escolar será o que marca a Consellería no Plan Galego de Convivencia:

- Identificación da situación de acoso, que se entenderá cando un alumno vese exposto de forma reiterada e deliberada a un maltrato verbal, físico e/o psicolóxico por parte dun compañeiro o grupo de compañeiros atentando contra a súa integridade física e moral. Para facilitar a identificación presentamos unha **“Guía de observación con indicadores escolares para identificar a posibles alumnos acosados”**.
- Identificada a situación de acoso recollerase toda a información sobre o caso nun documento donde se escriben os datos máis relevantes seguindo o **“Modelo de recollida inicial de información”**.
- A dirección do centro redactará un informe no que se reflictan os datos recollidos na investigación según o **“Modelo de informe de acoso escolar”**
- O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e á Fiscalía de Menores que se porán en contacto cos Servizos Sociais do Concello
- O centro manterá informado do proceso ó Consello Escolar que é o responsable de impoñer as oportunas correccións de acordo ó RR I tendo en conta a proposta da Comisión Permanente.
- O expediente seguirá o curso establecido no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia. No caso de intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial .
- O centro educativo arbitrará **“medidas de actuación complementarias”** as correctivas coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras ,coas persoas observadoras e en xeral con toda a comunidade educativa, involucrando a todas as persoas e institucións que poidan contribuir positivamente. Toda a información, así como as medidas que adopte o centro recolleranse nun **“Informe co plan de intervención”**

INDICADORES ESCOLARES PARA IDENTIFICAR ALUMNOS ACOSADOS

CONDUTAS		SIEMPRE	A VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta o centro		
	Cambios nas súas relacións persoais(compañeiros/as non habituais)no centro		
	Cambios nas súas relacións persoais(compañeiros/as non habituais)fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade no centro		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Dificultades de comunicación nas tarefas		
	Dificultades de comunicación nas relacións co grupo		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas(vómitos, dores...)		
	Diminución da autonomía persoal		
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a		
	Negativa a falar sobre a situación		
Actuacións agresivas			
ACTITUDES NA TAREFA ESCOLAR	Dificultades de concentración nas tarefas		
	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Actitude pasiva xeral(tentar pasar sempre desapercibido/a)		
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a		
	Prefire traballar só/soa		
	Baixa no seu rendemento escolar		
	Diminución da autoestima		
	Puxéronlle alcumes que non lle gustan		
	En actividades de grupo non é elidido/a		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Actitude pasiva		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Non se presta para participar en actividades voluntarias		
Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual			

MEDIDAS DE ACTUACIÓN COMPLEMENTARIAS

Ante a confirmación dun caso de maltrato será necesario deter de inmediato as agresións, crear un contexto de colaboración por parte de todos os implicados e garantir a confidencialidade dos datos.

As medidas que se adopten irán dirixidas as vítimas, os agresores, os espectadores, ó grupo, as familias e á comunidade educativa.

1.- Coa vítima:

- a. Garantizarlle discreción e protección aumentando a vixilancia en situación de riscos
- b. Manter entrevistas individuais para analizar as situacións vividas
- c. Proporlle actividades para afrontar os conflitos, fortalecer os recursos persoais e desenrolar a práctica de habilidades sociais.

2.- Co agresor/es:

- a. Actuar de inmediato facilitando a axuda necesaria a través de entrevistas individuais intentando comprender as razóns do seu comportamento (temperamento agresivo, resentimento, afán de poder....)
- b. Deixar claro que manteremos unha postura firme de rexeito hacia calquera conducta de acoso.
- c. Desenrolar actividades para mellorar as habilidades sociais aplicando programas de modificación de conducta e técnicas de autocontrol.

3.- Cos espectadores:

- a. Analizar as consecuencias que estes comportamentos ten para todos.
- b. Explicar a necesidade de denunciar as condutas de acoso e intimidación e a obriga de asumir a súa propia responsabilidade.

4.- Co grupo:

- a. Traballar para crear un clima escolar de rexeito mediante sesións de titoría
- b. Propor estratexias didácticas que axuden a cohesionar ó grupo.

5.- Coa familia:

- a. Buscar a colaboración das familias afectadas mantendo reunións individuais explicando as medidas que se van a adoptar.
- b. Ofrecer pautas que axuden a afrontar de xeito adecuado a situación do seu fillo.

ANEXO II

Medidas de prevención de conflictos

1. Actividades encamiñadas a facilitar a integración e a participación do alumnado:
 - Plan de acollida: o titor elixirá un alumn@ que acompañará ós nenos de nova matrícula para facilitar a súa incorporación ó centro.
 - Mediadores de conflitos: en caso dun conflito menor nombrarase de forma puntual un mediador que facilite a resolución dese conflito.
 - Elección de delegado: o inicio de curso cada grupo de alumnos elixirá o seu delegado que terá as funcións que se determinen según as necesidades e individualidades do grupo.
2. Actividades dirixidas a favorecer a relación das familias co centro:
 - Atención ás familias por parte do equipo directivo cando a circunstancia o requira.
 - Atención dos titores en horario de titoría.
 - Asamblea de pais ó inicio do curso na que se informará do tódalas normas que faciliten a convivencia.
 - Reunións entre o equipo directivo e a AMPA do centro.
 - Potenciar a participación na elección dos membros do Consello Escolar e facilitar a súa asistencia.
3. Reunións trimestrais do observatorio da convivencia dirixidas a dinamizar e revisar o plan.
4. Medidas educativas:
 - Anotación na axenda escolar das tarefas e posibles incidencias, que deben ser firmadas polos titores legais.
 - Anotación no parte mensual das faltas de asistencia, puntualidade e incidencias. Este parte incluírase nun arquivo custodiado polo titor correspondente e aportará información útil nas entrevistas cos pais.
 - Rexistro das entrevistas cos pais segundo o modelo que se adxunta
 - Medida de acompañamento: os profesores acompañarán ós alumnos ata o patio na hora do recreo e nas saídas para evitar unha saída tumultuosa.
 - Medidas de contención: os profesores permanecerán na aula ata que chegue o seguinte profesor. Esta norma terá a súa excepción lóxica cando o profesor considere que o curso ó que se debe incorporar require máis atención que o que se abandona.
 - Os profesores con garda de recreo controlarán ós alumnos para previr conflitos.
 - Convocarase reunións do Equipo Docente cando xurdan problemas de tipo colectivo para a adopción de medidas conxuntas de todo o profesorado.